

Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE CERDIDO REUNIDA O DÍA VINTE E NOVE DE XUÑO DE DOUS MIL DEZASETE

No salón de plenos do concello de Cerdido, as vinte horas do día vinte e nove de xuño de dous mil dezasete reúnen en primeira convocatoria os seguintes concelleiros que se citan a continuación: Rocío Martínez Martínez, Marina Tojeiro Martínez, David Prada Aneiros, Ana Rodríguez Montero e José Esmoris Aldao baixo a Presidencia do alcalde Benigno Galego Castro. Non asistiron os seguintes concelleiros Pablo Casas Cibreiro, Cándido Eusebio Prieto Lago e Juan José Ramos Prieto

1. Aprobación, se procede, da acta do pleno reunido o día 26/04/2017. Os membros do Pleno por unanimidade dos presentes aprobaron a acta anterior. O concelleiro José Esmoris Aldao, quere aclarar a súa intervención no anterior pleno afirmando que a felicitación fíxose a raíz de que o Alcalde pídese a felicitación polo seu traballo


2.-Expediente de modificación de crédito 4/2017. A secretaria deu lectura a proposta da alcaldía que se copia deseguido: **Proposta de aprobación do expediente de modificación de crédito 4/2017, suplemento de crédito vixente presuposto municipal para o ano 2017.** Vista a relación de gastos que se pretende realizar neste expediente de modificación de créditos 4/2017, xustificando na necesidade de dotar duna aplicación presupostaria para a cubrir gastos non previstos par realizar investimentos en materia de augas, e a necesidade de contratar novo sevizos de axuda no fogar para contratar suplencias de baixas e vacacións do persoal e realizar e ampliar as reparacións nas vías municipais. E, unha vez tramitado o expediente administrativo e considerando o disposto no informe da secretaria-interventora do día 26.06.2017 e atendendo o disposto nos artigos 177.2 do Texto refundido da lei 39/1988, de 28 de decembro reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, o artigo 37 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril os artigos 8 e 9 das bases de execución do actual presuposto municipal. Esta Alcaldía, propón a adopción do seguinte **ACORDO:Primeiro:** Aprobación da modificación de crédito, suplemento de crédito e crédito extraordinario 5/2016 no vixente presuposto municipal con cargo o remanente de tesourería do ano 2016, segundo seguinte resumo:

GASTOS

Aplic. orzam.	descripción	Prox.	importe
231, 227,99	Outros traballos realizados por outras empresa		20.000,00
161, 629,00	Obras novas de inversión		30.000,00
1531 210,00	Reparacións e mantemento		10.000,00
	TOTAL GASTOS		60.000,00

INGRESOS

Aplic. orzamentaria	descripción	importe
870.00	Remanente de tesourería	60.000,00 €
	TOTAL INGRESOS	



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

Segundo: Proceder a seguir os trámites que establece a lexislación vixente en relación a tramitación deses expedientes, procedendo a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Cerdido , 26 de xuño de 2017.O alcalde .Benigno Galego Castro .Cerdido,Os membros do Pleno presentes aprobaron por maioría a proposta anterior . Catro votos a favor dos concelleiros Rocío Martínez Martínez , Marina Tojeiro Martínez , David Prada Aneiros e o voto do Sr, Alcalde e dúas abstencións dos concelleiros Ana Rodríguez Montero e José Esmoris Aldao .

O Alcalde explica que o expediente de modificación de crédito servira para poder ampliar o contrato de axuda no fogar , dado que este ano producíronse moitas baixas de persoal e houbo que recurrir a empresa , para realizar obras de ampliación da auga na zona das Travesas e obras de limpeza nos depósitos e para a reparación de pistas

A concelleira Ana Rodríguez Montero pregunta si xa se ten o proxecto de obras para levar a auga as Travesas e si se saben que tipo de pistas vanse amañar e onde

O alcalde afirma que aínda non ten o proxecto e que aínda non se concretaron que pistas íanse amañar

3.-DAR CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDIA . A secretaria deu lectura a relación de decretos que se copia deseguido :

Nº Decreto	Fecha Firma	Asunto
58/2017	20/04/2017	Modificacións técnicas ao proxecto, Acondicionamento area recreativa O Castro, incluído no PAS 2015 da Deputación para adaptalo as observacións remitidas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural
59/2017	20/04/2017	Decreto de convocatoria de pleno ordinario
60/2017	24/04/2017	Aprobación de facturas da 420 a 495
61/2017	25/04/2017	Certificación da obra: Acondicionamento Area Recreativa Os Carris e outros
62/2017	25/04/2017	Arquivo licenza de apertura de actividade núm.2013/U005/003 por Iria Nicolás Hermida para cambio de denominación da actividade de café bar a café concerto
63/2017	25/04/2017	Aprobación do expediente de contratación da obra :Camiño Felgasas a Casaldaia de arriba e outros
64/2017	26/04/2017	Aprobación do expediente de contratación da obra: Camiño Rego da Madeira ao límite co concello (Os Casás) e outros
65/2017	26/04/2017	Arquivo de expediente de licenza de obras núm.2013/U009/010 iniciado por M ^a . Concepción Hermida Fernández para Picado exterior do cemento da fachada principal, para deixar a pedra cara vista, e encintado da mesma para evitar humidades en Felgasas, 11 - A Barqueira
66/2017	03/05/2017	Alta no padrón municipal de habitantes en Domende, 5, Cerdido




Concello de Cerdido (A Coruña)

	As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027 www.cerdido.es correo@cerdido.es	
67/2017	03/05/2017	Arquivo licenza de obra maior núm. 2014/U008/004 iniciado por Jesús Manuel Galego Vázquez para edificación auxiliar para almacenamento agrícola en Casaldaia de Abaixo – Cerdido
68/2017	03/05/2017	Decretos de autorización y acumulación do período de lactancia a traballadora Natalia Mera Carrodegas
69/2017	03/05/2017	Alta no padrón municipal de habitantes en Fercoi, 5, Cerdido
70/2017	04/05/2017	Autorización festas Santa Lucía
71/2017	08/05/2017	Relación de recibos SAF abril
72/2017	10/05/2017	Alta no padrón de habitantes en Campo da Igrexa, 6 Os Casás
73/2017	11/05/2017	Decreto de solicitude da subvención para o fomento de emprego e mellora da empregabilidade
74/2017	16/05/2017	Decreto de convocatoria da comisión especial de contas
75/2017	22/05/2017	Decreto de pagos maio 2017, número 1
76/2017	24/05/2017	Decreto de recoñecemento del complemento de antigüidade
77/2017	29/05/2017	Decreto de aprobación do expediente de contratación do servizo de limpeza municipal
78/2017	31/05/2017	Solicitude de uso das instalacións do castro
79/2017	31/05/2017	Decreto de autorización de emerxencia social 2017
80/2017	01/06/2017	Decreto para solicitar unha subvención para a contratación temporal de persoas en situación de risco social perceptoras da renda de integración social de Galicia
81/2017	02/06/2017	Decreto de aprobación do expediente de modificación de crédito 03/07 por xeración de crédito
82/2017	02/06/2017	Decreto de aprobación da base de selección de persoal a contratar dentro do programa de Integración laboral da Deputación da Coruña
83/2017	06/06/2017	Relación de recibos correspondentes ó mes de maio do 2017 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar
84/2017	07/06/2017	Decretos de exclusión de persoal da bolsa de traballo para o servizo de axuda no fogar por renunciar ao posto de traballo sen xustificación
85/2017	08/06/2017	Decreto de aprobación de gasto para o contrato menor de prestación do servizo de prevención de riscos laborais
86/2017	12/06/2017	Decreto de aprobación do contrato menor de servizos de dirección da obra :Reforma na piscina municipal de O Castro
87/2017	12/06/2017	Decreto de a adjudicación da obra :Reforma na piscina do Castro
88/2017	12/06/2017	Decreto de aprobación da certificación núm. 2 e final da obra :Estrada O Porto- A Barqueira
89/2017	14/06/2017	Decreto para solicitar a subvención do socorrismo acuático da Deputación da Coruña
90/2017	19/06/2017	Autorización para usar o polideportivo municipal a noite do 6 de agosto de 2017
91/2017	19/06/2017	Autorización para usar un local do castro o 8 de xullo a particular
92/2017	19/06/2017	Aprobación de gastos, maio 2017
93/2017	19/06/2017	Decreto de aprobación do contrato menor para o desbroce e limpeza mecánica de vias municipais



Concello de Cerdido (A Coruña)

	As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027 www.cerdido.es correo@cerdido.es	
94/2017	19/06/2017	Decreto de aprobación do contrato menor de servizos da dirección da obra :Mellora de saneamento en Abruñeiros
95/2017	19/06/2017	Decreto de adjudicación do contrato de obra:mellora saneamento en Abruñeiros e outros
96/2017	21/06/2017	Autorización para celebrar as festas de San Xoán nos Casás
97/2017	22/06/2017	Autorizacións para realizar as luminarias de San Xoán e San Pedro os días 23 e 28 de xuño de 2016

A concelleira **Ana Rodríguez Montero** solicita aclaración sobre o contido dos seguintes decretos :

Núm. 92 e 75 , nun decretos poñen decretos de maio o maio 1 . a que se debe , corresponden a xuño ?

O alcalde di que non o sabe que pode ser un erro .

Núm. 77 o expediente de contratación da limpeza ? O alcalde explica que o actual contrato de limpeza de edificios municipais remata e hai que realizar unha nova contratación

Núm. 90 , que vai a utilizar o polideportivo o 6 de agosto ? O alcalde explica que é unha asociación de scouts de Madrid que veñen andando e que van a durmir no polideportivo


Núm. 93 Que empresa vai a realizar os desbroces ? O alcalde afirma que será desbroces Zaíra , a mesma que o ano anterior

Núm. 79 cal foi a emerxencia social , solucionouse ? O alcalde explica que intentouse solucionar e que se aprobou un pago dun aluguer dunha vivenda .

O concelleiro **José Esmoris Aldao** , solicita a aclaración sobre o contido do decreto Núm. 84 , cal foi o motivo da renuncia a bolsa de contratación . O alcalde explica que hai unha bolsa de contratación do servizo de axuda no fogar e se chaman par entrar a traballar e non aceptan o posto sen unha xustificación de estar traballando , se lles exclúe da bolsa .

ROGOS E PREGUNTAS

A concelleira **Ana Rodríguez Montero** realiza as seguintes preguntas a Alcaldía :



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

1.- Porque se contrata a unha empresa para o servizo de axuda no fogar , existindo unha bolsa de contratación ?

O alcalde explica que o ano pasado aprobouse a bolsa de contratación con algo mais de vinte persoas , pero ante as moitas baixas deste ano , chamouse as candidatas e non aceptou ninguén o posto . De seis traballadoras , estiveron catro de baixa e outras renunciaron ao posto para empezar a traballar noutros concellos , coa empresa cúbrese tres postos de traballo e sábados , domingos e festivos . Para crear outra bolsa estase a espera que a Xunta emita os certificados para as persoas que fixeron o curso , pero tardan mais de ano e medio .

2.- A pista destras da casa de Raúl ten herba?

O alcalde explica que pasa o que pasaba e que ten herba porque non entraba o camiión

3. Estamos en xullo e seguimos sen piscina , levamos seis meses sen servizo .

O alcalde explica que o expediente de contratación leva o seu tempo , que ela o sabe porque todo se leva a mesa de contratación e neste expediente houbo baixa temeraria e retrasouse moito porque hai que cumprir cos prazos que establece a lei.

4. Porque se cambio de sistema na relación de decretos para os decretos de facturas ?

O alcalde cede a palabra a secretaria que afirma que non sabe a que se debe e que pode ser un erro ou que o realizar a relación de decretos quíxose simplificar e non poñer o números das factura

5.- O tractor do concello , levou leña a unha soa casa?

O alcalde explica que a leña levouse a casa de Vicente e que si Vicente logo a levou a outro sitio ou a vendeu e cousa del .

E , non habendo mais asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión sendo a vinte horas e trinta minutos do día vinte e nove de xuño de 2017 . Do que eu como secretaria dou fe :

O alcalde

A secretaria

Benigno Galego Castro

Paula Diaz Tie